

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE XUÑO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/2432/2010.- ONCE. Instalación de kiosko e outorgamento de autorización demanial.

LIC/2179/2010.- JOSE MANUEL VIÑAS DIAZ. Vivenda unifamiliar no lugar de Lamas de Laraño.

LIC/2644/2010.- MARIA DEL CARME OTERO CAMPOS. Rehabilitación de vivenda na rúa de Muros, 82.

LIC/1394/2009.- MANUELA SÁNCHEZ GARCÍA. Reforma de cuberta, fachada e interiores na rúa Vista Alegre, 110.

LIC/2506/2010.- ROBERTO LOPEZ FERREIRA.- Construcción de vivenda unifamiliar na rúa do Arredullo, no lugar da Susana.

LIC/2492/2010.- DESPROI PROMOCIONES, SL. Modificar condicións da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de febreiro de 2008

DENEGADAS

LIC/638/2010.- INMOBILIARIA KEOPS SANTIAGO. Construcción de edificio de uso hoteleiro na rúa Betanzos.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

LIC/1091/2011.- HERMANOS PELETEIRO RAMOS. Devolución de fianza por importe de 229.427'86 €, en garantía da execución das obras de conexións exteriores correspondentes ao Plan especial do Equipamento Docente D-19 de Monte Redondo, para a execución do Colexio Manuel Peleteiro

LIC/2631/2010.- MARÍA BELEN VAZQUEZ GUERRA LIC/833/2004 6.200 €.

LIC/1060/2011.- ROSA VIEIRO TABOADA LIC/1072/20031.433 €.

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/224/2011.- SANDRA BALEATO GONZÁLEZ.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Algalia de Abaixo nº 11

LIC/915/2010.- VILA MATA S.L.- Demolición de edificio na corredoira das Fraguas nº 40

LIC/2144/2010.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Rehabilitación de cuberta do edificio sito na rúa Casas Reais nº 42-44

DEVOLUCIONS DE FIANZA.

DIS/210/2011.- ALEJO IGLESIAS OTERO.- Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa da Costa do Vedor nº 8.

DIS/107/2011.- CARLOS OTERO CASTRO.- Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa de Belvís nº 8.

DIS/1067/2009.- SOLEDAD VALES MENDOZA.- Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa de Trindade nº 1-2

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 7.249,73 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

8.- Aprobación de acta de cesión de terreos necesarios para a execución do proxecto de "Remodelación e modificación de beirarrúas en Meixonfrío (1ª fase e rueiro)".

Apróbase a devandita acta de cesión de terreos.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo en relación co recurso de reposición presentado contra a aprobación definitiva do Proxecto de normalización de predios na ASD-13 do Plan xeral de ordenación municipal na avenida das Burgas. Campus Sur.

Rexéitase o recurso presentado.

10.- Aprobación da liquidación das obras de reurbanización de Galeras-Salvadas-Vista Alegre.

Apróbase a devandita liquidación.

11.- Aprobación da liquidación das obras do aparcadoiro e accesos ao Auditorio de Galicia.

Apróbase a devandita liquidación.

12.- Desestimación de recurso de reposición interposto contra a adxudicación do Servizo para completar a elaboración dun inventario informatizado sobre a base dun catastro previamente revisado dos bens inmobles do patrimonio do Concello de Santiago.

Desestímase o recurso.

13.- Dar conta da concesión dunha subvención da Consellería de Traballo e Benestar para accións formativas para desempregados. (Plan AFD 2011).

Dáse conta da concesión da subvención por importe de 379.269 euros.

14.- Dar conta de corrección de erros nos puntos 19 e 20 da sesión de 10 de maio de 2011.

Corríxense dous erros relativos ao número das partidas ás que imputar o gasto dos devantidos acordos.

URXENCIAS

1.- Ratificación do acordo do Consello de Administración de EMUVISSA de 13.6.11.

Ratifícase o devandito acordo, relativa á desestimación dun recurso especial de propietarios do SUNP-38 de Formarís contra a adxudicación das obras de urbanización deste polígono.

2.- Dar conta da sinatura de dous convenios de carácter cultural.

Dáse conta da sinatura dos convenios coa Fundación Gonzalo Torrente Ballester (17.850 euros) e co Curso Universitario Internacional Música en Compostela (4.250 euros).

3.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á autorización do uso das instalacións de diversos CEIPS.

Autorízase o uso das instalacións dos CEIPS Monte dos Postes, Pío XII e Fontiñas por asociacións de nais e pais de alumnos para a realización de actividades de verán.

4.- Revogacións parciais das contías de diversas subvencións dos programas de cooperación 2010.

Reaxústanse as contías de varias subvencións por non producirse a contratación da totalidade de prazas ante a ausencia de candidatos e pola redución nos custos da Seguridade Social.

5.- Delegación de competencias nunha concellería delegada.

Dáse conta do decreto da Alcaldía polo que se toma en coñecemento o cese do concelleiro de Sanidade, Consumo e Mercados, Andrés Fariña, e polo que as súas competencias son asumidas por José Ángel Baqueiro.